



OURENSE, VINTECATRO DE MAIO DE DOUS MIL VINTECATRO

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 35-2024 / TEMPADA 2023-24

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALEGA ABSOLUTA; DIVISIÓN HONRA MASCULINA

Equipos participantes: CW CORUÑA RÍAS ALTAS - RCN VIGO

Día, hora e lugar: 12/5/24; 16:00; CDM SAN DIEGO (A CORUÑA)

FEITOS

FEITO PRIMEIRO: O día 14/5/24 foi remitido a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, se recollen os seguintes feitos:

"No minuto 02:41 do terceiro período expúlsase definitivamente con substitución disciplinaria ao xogador n.º 9 local, D. A. Sánchez Prieto (n.º lic. 1014896), por protestar reiteradamente decisións arbitrais dende auga tras ser advertido con anterioridade de cesar na súa conduta. É preciso indicarlle en varias ocasións que abandone a zona de competición, e cando se dirixe á zona de vestiarios apela a un dos colexiados nos seguintes termos: «Muchas gracias, Nico, por sacármela»."

FEITO SEGUNDO: O día 16 deuse trámite de audiencia ós interesados polo prazo de dous días hábiles.

FEITO TERCEIRO: Non se realizaron alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO: A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "Iuris tantum" que non foi desvirtuada; a maior abundamento non se fixeron alegacións.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO: Os feitos como constitutivos de infracción **LEVE** do art.7. I. 1. epígrafe "A": Protestar de forma ostensible ou insistente aos xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCERO: As sancións que se poden impoñer, con base no artigo 8 son:

- a) Inhabilitación a perpetuidade
- b) Suspensión temporal. Privación da licenza federativa
- c) Amoestación.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO: As sancións que se contemplan para infraccións leve no art. 9 son, entre outras:

Suspensión de ata un mes, ou dun a catro encontros.

RESOLUCIÓN

Impor ao xogador n.º 9 local, D. A. Sánchez Prieto (n.º lic. 1014896), con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos:

SANCIÓN LEVE, computada no seu **grado mínimo** consistente en **SUSPENSIÓN TEMPORAL DA LICENCIA FEDERATIVA POR UN ENCONTRO DE CALQUERA CATEGORÍA**.

José Antonio Nóvoa
Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623

Xuiz Unico Comité de Competición da FEGAN
Firmado dixitalmente